



Memoria proposta de resolución pola que se declara deserta a convocatoria de subvencións ao abeiro da resolución do 26 de xullo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do investimento C15.I4 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o período 2024 (código de procedemento AP400C).

Referencia contable: 2024 07 00226

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 7 de agosto de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución do 26 de xullo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do investimento C15.I4 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o período 2024 (código de procedemento AP400C).

Segundo.- Con data 12 de setembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 6 de setembro de 2024 pola que se modifica a Resolución do 26 de xullo de 2024.

Terceiro.- O prazo de presentación de solicitudes de subvención, fixado no artigo 6º da convocatoria, rematou o 4 de outubro de 2024 sen terse recibido ningunha solicitude de subvención.

Cuarto.- O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia certifica estas circunstancias o 11 de decembro de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é o órgano competente para resolver, de conformidade co establecido no artigo 16 das bases reguladoras da convocatoria.

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas, **PROPOÑO**

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria de subvencións ao abeiro da resolución do 26 de xullo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do investimento C15.I4 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o período 2024 (código de procedemento AP400C).

Segundo.- Anular a autorización de crédito relativa ao código de procedemento AP400C, por un importe de 4.102.438,12€, das seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 2024:

Aplicación	Importe
07.A1.571A.781.0	2.051.219,06 €
07.A1.571A.760.0	2.051.219,06 €





Santiago de Compostela

O director da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Miguel Rodríguez Quelle

RESOLUCIÓN: Vista a proposta de Resolución precedente, acordo prestarlle a miña aprobación nos seus propios termos.

Santiago de Compostela

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Julián Cerviño Iglesia

